



Acta de reunión

Órgano convocado	EDNL							
Lugar de reunión	Taller de Integración Social				Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	4	Data	21/02/2019	Hora inicio	11:30h	Hora remate	12:00	
Moderadora	Marcos Pérez Cardoso							
Secretario/a	Marcos Pérez Cardoso							
Propósito	Revisión da programación de este curso e actividades para o trimestre							
Asistentes	Miguel(alumno electromecánica), Santiago Barros(alumno de integración social), Eduardo Quintela, Irene Sánchez e Marcos (coordinador do ENDLG)							

Temas tratados

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Dase lectura a acta anterior e apróbase

2. Propostas e actividades

Pasamos a revisar os acordos tomados na última reunión que teñen que ver coas propostas de actividades.

Santi falou coa Deputación de Pontevedra para a exposición de “Mulleres e Mar” e Marcos falou co servizo de normalización lingüística do Concello de Pontevedra para a exposición de Bravú. O equipo considera que a exposición de Mulleres e Mar sería axeitada para o mes de abril que por outra banda é cando se podería dispoñer da mesma. Santi informa que de levarse a cabo a Deputación faría unha inauguración con responsables políticos da Deputación e do Instituto. Por outra banda, a exposición de Bravú, considérase que sería axeitada para o mes de maio coas actividades do palco aberto que se soen realizar no instituto.

Por outra banda xorden outras posibles actividades a realizar que nos parecen interesantes:

- Volver falar cos departamentos do centro para que acheguen novas palabras en galego para imprimilas en vinilos e poñelas nos chanzos do distintos edificios do instituto acordos coas familias profesionais. Decídese que podería ser axeitado asignar: 20 palabras para a familia de servizos socioculturais e á comunidade e o departamento de FOL e 10 palabras para as familias de madeira, mantemento de vehículos e electrónica.
- Proponse tamén a posibilidade de deseñar uns paneis grandes (tamaño superior a un A2) onde se mostre un elemento característico de cada familia profesional indicando como se chaman os distintos compoñentes. Por exemplo, na familia de mantemento de vehículos podería ser un coche onde apareza a denominación en galego dos distintos compoñentes.

Quédase de levar estas propostas á reunión do RAF para comentalo cos Xefes de Departamento.

Segue quedando pendente coñecer a dispoñibilidade de orzamento para o equipo.



3. Rolda de intervencións

Marcos informa de que chegaron os carteis do Ben Veñas Maio e que se encargará da distribución polos edificios do instituto.

Acordos

- Marcos queda en preguntar polo orzamento que temos dispoñible.
- Marcos queda de levar á reunión da RAF as propostas que xurdiron

